



RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES DEFINITIVAS DE SOLICITUDES ADMITIDAS A TRÁMITE E EXCLUÍDAS NO CADRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA ERASMUS+ KA131 DURANTE O CURSO 2025-26 PARA PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR NO SEGUNDO SEMESTRE DE 2025.

Mediante a resolución reitoral do 2 de xuño de 2025 publicouse a convocatoria de axudas para a participación do persoal docente e investigador no programa Erasmus+ no curso de 2025-26, no marco da acción KA131.

O 23 de xullo de 2025 publicáronse as listaxes provisionais de solicitudes admitidas a trámite. Finalizado o prazo de subsanacións, e revisadas estas, esta reitoría

RESOLVE:

1. Publicar a relación definitiva de solicitudes admitidas a trámite no Anexo I.
2. Publicar a relación definitiva de solicitudes excluídas no Anexo II, coa mención da causa de exclusión.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderáse interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producirá a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O REITOR,
Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)
A Vicerreitora de Internacionalización

María Isabel del Pozo Triviño